

concesión da autorización administrativa ou, se é o caso, á súa revogación.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 16 de maio de 2006

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

8637 *LEI 12/2006, do 16 de maio, pola que se modifica o texto refundido do estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2004, do 29 de outubro, e a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores. («BOE» 117, do 17-5-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

A cobertura dos riscos extraordinarios encomendada ao Consorcio de Compensación de Seguros (en diante, Consorcio), inicialmente regulada pola Lei do 16 de decembro de 1954, ten a súa regulación legal actual no texto refundido do estatuto legal da citada entidade pública empresarial, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2004, do 29 de outubro. O texto orixinal deste estatuto legal, aprobado polo artigo 4 da Lei 21/1990, do 19 de decembro, pola que se adapta o dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servizos en seguros distintos ao de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, foi modificado pola disposición adicional novena da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, e máis recentemente pola Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro; pola disposición derradeira vixésimo sexta da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, e pola Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados.

O artigo 6 do actual texto refundido, primeiro da sección 1.^a, «Funcións privadas no ámbito asegurador», do capítulo III, regula, no seu número 1, as funcións indemnizatorias do Consorcio en materia de riscos extraordinarios e o seu ámbito, e especifica o que se entende por tales. No seu número 2 regula o que se entende, para estes efectos, por «riscos situados en España».

Por un lado, o número 2 procede na súa integridade –aínda que sen a súa actual numeración– do texto orixinal do estatuto legal do Consorcio, aprobado pola Lei 21/1990, do 19 de decembro. Con posterioridade a esta norma, a Lei 30/1995, do 8 de novembro, incluíu no seu artigo 1, por necesidades de adaptación á normativa comunitaria,

unha definición de «Estado membro de localización do risco» que, sen substanciais diferenzas respecto ao previsto no texto do Estatuto, é máis completa, pois prevé o suposto de que o tomador sexa unha persoa xurídica. Por outro lado, a enumeración do citado número 2 do artigo 6 non recolle o caso específico dos seguros de persoas, nos cales carece de sentido que a situación do risco en España se defina con referencia á residencia do tomador, que é a que se aplica ao resto dos casos, isto é, os non previstos, pois o relevante é a residencia do asegurado, persoa sobre a cal recae o risco.

Por isto se introduce unha referencia aos seguros de persoas na alínea d) deste número, e o actual contido da alínea d), que pasa a ser a e), amplíase para prever o suposto dos tomadores persoas xurídicas.

Polo que se refire ao número 1, o seu segundo parágrafo foi introducido polo artigo 4 da Lei 34/2003, do 4 de novembro, e a súa finalidade era a de ampliar a cobertura dos danos persoais aos acaecidos no estranxeiro, para o cal se refire ao caso en que o tomador teña a súa residencia habitual en España, polo que, en consecuencia co sinalado anteriormente en relación coa definición de «risco situado en España» no suposto de seguros de persoas, cómpre adaptar no mesmo sentido a redacción do citado segundo parágrafo.

II

De entre as modificacións xa citadas do texto orixinal do estatuto legal do Consorcio, especialmente a Lei 44/2002, do 22 de novembro, incorporaba importantes cambios no réxime xurídico desa entidade pública empresarial, moí en particular no relativo ao sistema de cobertura dos riscos extraordinarios; así, ficaron incluídos por primeira vez entre os danos cubertos os debidos a perdas de beneficios como consecuencia de acontecementos extraordinarios, requiridos pola evolución mundial dos mercados de seguro e reaseguro despois dos graves atentados terroristas de Nova York e Washington de setembro de 2001.

O desenvolvemento dos mercados de seguro nos últimos dous anos veu confirmar que determinadas limitacións do sector privado para ofrecer cobertura, non só de terrorismo, senón tamén doutros acontecementos de natureza catastrófica, non son froito da conxuntura. En particular, a toma de consciencia polos mercados aseguradores da gravidade das potenciais consecuencias do que se deu en chamar «megaterrorismo» fixo, ademais, xurdir a preocupación pola cobertura deste risco en ramos que non parecían particularmente expostos por non presentaren, aparentemente, concentración de exposicións, como foi o caso do ramo de vida, nas súas coberturas de falecemento e invalidez, é dicir, nas coberturas que non son de aforro.

Xa a principios de 2004 se puxeron de manifesto algunhas dificultades de aseguramento que comezaron a suxerir a posibilidade de que fose necesaria unha ampliación das coberturas de falecemento e invalidez do ramo de vida do sistema de cobertura de riscos extraordinarios que desenvolve o consorcio; e confirmada a situación do mercado a partir de 2005, formal e unanimemente púxose de manifesto a necesidade de efectuar tal ampliación con carácter de permanencia.

Por outra parte, a modificación normativa que tal ampliación implica debe producir efecto a partir da entrada en vigor do desenvolvemento regulamentario que o propio precepto prevé e da norma que aprobe a tarifa de recargas e a cláusula de cobertura que se insiren nas pólizas, así como permitir a adecuada adaptación no tempo da nova produción e da carteira de pólizas das entidades aseguradoras á norma.

III

O sistema de asistencia xurídica ao consorcio actualmente existente instáurase como consecuencia das modificacións operadas na Lei 33/1984, do 2 de agosto, de ordenación dos seguros privados, polo Real decreto legislativo 1255/1986, do 6 de xuño, para adaptala aos compromisos derivados do Tratado de Adhesión de España á Comunidade Económica Europea, e pola Lei 21/1990, do 19 de decembro, xa citada.

O notable incremento da actividade indemnizatoria do Consorcio e dos procedementos xudiciais incoados a consecuencia de accidentes de circulación, que xa entón se manifestaba, obrigou a arbitrar un sistema de letrados substitutos que, baixo a dependencia xerárquica das distintas avogacías do Estado nas provincias, permitise facer fronte ás necesidades de asistencia xurídica que o consorcio demandaba e que o Servizo Xurídico do Estado, cos medios de que dispuña, non podía atender. Este sistema, despois da consulta á entón Dirección do Servizo Xurídico do Estado, estableceuse mediante a fórmula dos letrados substitutos, instrumentando a súa relación co consorcio a través dun contrato civil de arrendamento de servizos.

O tempo transcorrido desde a elaboración das normas anteriormente citadas, o progresivo incremento no número de procedementos que se veu experimentando nestes últimos anos, en particular desde o ano 2000, e, en especial, en sinistros de automóviles sen seguro e de vehículos rexeitados polas entidades aseguradoras privadas e asegurados no consorcio, o paralelo incremento da actividade de recobrimento que o consorcio ten atribuída no seu estatuto legal e, por último, a integración nesta entidade da Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras, levada a cabo pola Lei 44/2002, do 22 de novembro, aconsellan introducir lixeiras modificacións ou axustes nun sistema que demostrou nestes anos a súa indubidable utilidade e acerto.

As modificacións que se introducen non afectan a esencia do citado sistema, pois perseguen exclusivamente adaptalo aos tempos e necesidades actuais e abrir a posibilidade de aplicar outras fórmulas complementarias de asistencia xurídica para casos especiais, aclarar determinados extremos do sistema e salientar o aspecto civil da relación entre o Consorcio e os letrados substitutos disipando calquera dúbida que puider xurdir ao respecto.

IV

A presente lei modifica a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Por un lado, traspóñense ao ordenamento xurídico español os artigos 6.9 da Directiva 2003/6/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, sobre operacións con información privilexiada e a manipulación do mercado, e os artigos 7 a 11 da Directiva 2004/72/CE, da Comisión, do 29 de abril de 2004. Para isto introdúcese un novo artigo na Lei do mercado de valores establecendo a obriga de determinados suxeitos de comunicaren á Comisión Nacional do Mercado de Valores aquelas operacións que sexan sospeitosas de teren utilizado información privilexiada ou que constitúan unha práctica para falsear a libre formación dos prezos.

Por outro lado, complétase a regulación de «Bolsas e Mercados Españóis, Sociedade Holding de Mercados e Sistemas Financeiros, S. A.», ou de calquera outra entidade que no futuro se puider encontrar na súa mesma situación para dotala dunha maior flexibilidade no seu funcionamento.

Por último, aclárase e homoxeneízase o réxime de participacións significativas nas sociedades que administran sistemas de rexistro, compensación e liquidación de valores e mercados secundarios españois.

Artigo primeiro. *Modificación do texto refundido do estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro.*

O texto refundido do estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro, modifícase nos seguintes termos:

Un. Os números 1 e 2 do artigo 6 quedan redactados do seguinte modo:

«1. O Consorcio, en materia de riscos extraordinarios, terá por obxecto indemnizar, na forma establecida neste estatuto legal, en réxime de compensación, as perdas derivadas de acontecementos extraordinarios acaecidos en España e que afecten riscos nela situados.

Igualmente, serán indemnizables polo Consorcio os danos persoais derivados de acontecementos extraordinarios acaecidos no estranxeiro cando o asegurado da póliza teña a súa residencia habitual en España.

Para estes efectos, serán perdas os danos directos nas persoas e os bens, así como, nos termos e cos límites que regulamentariamente se determinen, a perda de beneficios como consecuencia daqueles. Entenderase, igualmente nos termos que regulamentariamente se determinen, por acontecementos extraordinarios:

a) Os seguintes fenómenos da natureza: terremotos e maremotos, as inundacións extraordinarias, as erupcións volcánicas, a tempestade ciclónica atípica e as caídas de corpos siderais e aerólitos.

b) Os ocasionados violentamente como consecuencia de terrorismo, rebelión, sedición, motín e tumulto popular.

c) Feitos ou actuacións das Forzas Armadas ou das Forzas e Corpos de Seguranza en tempo de paz.

2. Para os efectos exclusivamente da cobertura do Consorcio, entenderase por riscos situados en España os que afecten:

a) Os vehículos con matrícula española.

b) Os bens inmoebles situados no territorio nacional.

c) Os bens móbiles que se encontren nun inmoible situado en España, estean ou non cubertos pola mesma póliza de seguro, excepto aqueles que se encontren en tránsito comercial.

d) No caso de seguros de persoas, cando o asegurado teña a súa residencia habitual en España.

e) Nos demais casos, cando o tomador do seguro teña a súa residencia habitual en España ou, se for unha persoa xurídica, teña en España o seu domicilio social ou a sucursal a que se refire o contrato.»

Dous. O artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 7. *Ramos de seguro con recarga obrigatoria a favor do Consorcio para o exercicio das súas funcións en acontecementos extraordinarios.*

Para o cumprimento polo Consorcio das súas funcións en materia de compensación de perdas derivadas de acontecementos extraordinarios é obrigatoria a recarga no seu favor nos seguintes ramos:

a) Polo que se refire aos seguros de persoas, o ramo de vida, nos contratos que garantan exclusiva ou principalmente o risco de falecemento, incluídos os que prevexan, ademais, indemnizacións pecuniarias por invalidez permanente ou incapacidade temporal, nos termos e modalidades que regulamentariamente se determinen; e o ramo de accidentes, nos contratos que garantan o risco de falecemento ou prevexan indemnizacións pecuniarias por invalidez permanente ou incapacidade temporal.

b) Polo que se refire a seguros de cousas, os ramos de vehículos terrestres, vehículos ferroviarios, incendio e elementos naturais, outros danos aos bens e perdas pecuniarias diversas, así como as modalidades combinadas destes, ou cando se contraten de forma complementaria.

Enténdense incluídas, en todo caso, e igualmente nos termos que regulamentariamente se determinen, as pólizas de vida ou accidentes que cubran os riscos antes citados amparados nun plan de pensións formulado conforme o texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, así como as pólizas que cubran danos ás instalacións nucleares.

Quedan excluídas, en todo caso, as pólizas que cubran producións agropecuarias susceptibles de aseguramento a través do sistema dos seguros agrarios combinados, por encontrarse previstas nos plans que anualmente aproba o Goberno, así como as pólizas que cubran os riscos derivados do transporte de mercadorías, da construción e montaxe, e calquera outra póliza de ramos de seguros distintos aos enumerados nas alíneas a) e b).»

Tres. O número 1 do artigo 19 queda redactado do seguinte modo:

«1. A representación e defensa do Consorcio ante os xulgados e tribunais corresponderá aos avogados do Estado integrados na Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, aínda que tamén poderá ser exercida por avogados colexiados en exercicio que, por proposta do Consorcio, sexan habilitados como letrados substitutos por parte da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado para actuaren no ámbito competencial que, conforme a dita proposta, se estableza na propia habilitación. A contratación dos servizos profesionais destes avogados colexiados será levada a cabo polo Consorcio mediante a formalización dos correspondentes acordos, que terán sempre a consideración de contratos civís de arrendamento de servizos.

Sen prexuízo do anterior, o Consorcio, precedendo informe favorable da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, poderá encomendar a súa representación e defensa, conforme as normas colexiais xerais, a avogados e procuradores designados para o efecto, naqueles asuntos ou materias que, polas súas características, así o aconsellen.

As custas que se xeren nos procesos derivados da actividade do Consorcio nos cales a representación e defensa sexa exercida polos letrados habilitados mencionados anteriormente ingresarán, se é o caso, no Consorcio, aplicándolles o réxime previsto neste estatuto legal.

O Consorcio poderá pedir o asesoramento en dereito da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.»

Artigo segundo. *Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

Un. Modifícase o número 6 do artigo 31 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que queda redactado do seguinte modo:

«6. A participación, directa ou indirecta, no capital das sociedades que administren mercados secundarios españois quedará suxeita ao réxime de participacións significativas previsto no artigo 69 desta lei para as empresas de servizos de investimento, nos termos que regulamentariamente se determinen, entendéndose que terá, en todo caso, tal carácter calquera participación que alcance, de forma directa ou indirecta, ao menos, o 1% do capital ou dos dereitos de voto da sociedade ou a que, sen chegar a esa porcentaxe, permita exercer unha influencia notable na sociedade, nos termos que se determinen regulamentariamente. Sen prexuízo das facultades da Comisión Nacional do Mercado de Valores de oporse a unha participación significativa nos termos previstos no número 6 do citado artigo 69, o ministro de Economía e Facenda, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderá oporse á adquisición dunha participación significativa no capital social daquelas sociedades cando xulgue que é necesario para asegurar o bo funcionamento dos mercados ou para evitar distorsións neles, así como por non darse un trato equivalente ás entidades españolas no país de orixe do adquirente.»

Dous. Modifícase o número 3 do artigo 44 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que queda redactado do seguinte modo:

«3. A participación, directa ou indirecta, no capital da Sociedade de Sistemas quedará suxeita ao réxime de participacións significativas previsto no artigo 69 desta lei para as empresas de servizos de investimento, nos termos que regulamentariamente se determinen, entendéndose que terá, en todo caso, tal carácter calquera participación que alcance, de forma directa ou indirecta, ao menos o 1% do capital ou dos dereitos de voto da Sociedade de Sistemas ou a que, sen chegar a esa porcentaxe, permita exercer unha influencia notable na Sociedade, nos termos que se determinen regulamentariamente.

Sen prexuízo das facultades da Comisión Nacional do Mercado de Valores de se opor a unha participación significativa nos termos previstos no número 6 do citado artigo 69, o ministro de Economía e Facenda, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderase opor á adquisición ou á transmisión dunha participación significativa no capital da Sociedade de Sistemas cando xulgue que é necesario para asegurar o bo funcionamento dos mercados ou dos sistemas de rexistro, compensación e liquidación de valores ou para evitar distorsións neles, así como por non darse un trato equivalente ás entidades españolas no país de orixe do adquirente.

Os estatutos sociais da Sociedade de Sistemas e as súas modificacións, coas excepcións que regulamentariamente se establezan, requirirán a aprobación previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores. O nomeamento dos membros do Consello de Administración, directores xerais e asimilados da Sociedade de Sistemas estará suxeito á aprobación previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 48 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que queda redactado do seguinte modo:

«1. As bolsas de valores estarán rexidas e administradas por unha sociedade anónima, que será responsable da súa organización e funcionamento internos, e será titular dos medios necesarios para isto, sendo este o seu obxecto social principal. Estas sociedades poderán desenvolver igualmente outras actividades complementarias relacionadas coas bolsas de valores. As accións das sociedades serán nominativas. Tales sociedades deberán contar necesariamente cun consello de administración composto por non menos de cinco persoas e con, polo menos, un director xeral. Estas sociedades non terán a condición legal de membros das correspondentes bolsas de valores e non poderán realizar ningunha actividade de intermediación financeira, nin as actividades relacionadas no artigo 63.

As citadas sociedades exercerán as funcións que lles atribúe a presente lei e as demais que determinen o Goberno, o ministro de Economía e Facenda ou a Comisión Nacional do Mercado de Valores, sen prexuízo das que poidan outorgarlles as comunidades autónomas que teñan atribuídas nos seus estatutos de autonomía competencias na materia. As bolsas de valores poderán exixir retribución polos servizos que presten.

Os estatutos destas sociedades e as súas modificacións, coas excepcións que regulamentariamente se establezan, requirirán a aprobación previa pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, ou, se é o caso, pola correspondente comunidade autónoma con competencia na materia, respecto das bolsas de valores de ámbito autonómico. O nomeamento dos membros do consello de administración e do director xeral exixirá a aprobación previa pola Comisión Nacional do Mercado de Valores ou, se é o caso, pola comunidade autónoma.»

Catro. Engádese un novo artigo 83 quáter á Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, coa seguinte redacción:

«Artigo 83 quáter. *Comunicación de operacións sospeitosas.*

1. As entidades que efectúen operacións con instrumentos financeiros deberán avisar a Comisión Nacional do Mercado de Valores, coa maior celeridade posible, cando consideren que existen indicios razoables para sospeitar que unha operación utiliza información privilexiada ou constitúe unha práctica que falsea a libre formación dos prezos.

Serán entidades obrigadas a comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores as empresas de servizos de investimento e entidades de crédito españolas, incluídas as filiais de entidades estranxeiras, así como as sucursais de empresas de servizos de investimento ou entidades de crédito non comunitarias. Se é o caso, a Comisión Nacional do Mercado de Valores remitirá a comunicación de operación sospeitosa á autoridade supervisora do Estado membro en que radique o mercado en que se realízase tal operación.

2. A comunicación de operación sospeitosa poderase realizar por carta, correo electrónico, fax ou teléfono, sendo necesario, neste último caso, que se dea confirmación por escrito por solicitude da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. A comunicación conterá a seguinte información:

a) A descrición das operacións, incluído o tipo de orde, e o método de negociación utilizado.

b) As razóns que leven a sospeitar que a operación se realiza utilizando información privilexiada ou que constitúe unha práctica que falsea a libre formación dos prezos.

c) Os medios de identificación das persoas por conta das cales se realizasen as operacións e, se é o caso, daquelas outras implicadas nas operacións.

d) Se a persoa suxeita á obriga de notificar actúa por conta propia ou por conta de terceiros.

e) Calquera outra información pertinente relativa ás operacións sospeitosas.

Se no momento de efectuar a comunicación a entidade non dispuxer de tal información, deberá ao menos mencionar as razóns por que considera que se trata dunha operación sospeitosa, sen prexuízo da obriga de remitir a información complementaria logo que esta estea dispoñible.

4. As entidades que comuniquen operacións sospeitosas á Comisión Nacional do Mercado de Valores estarán obrigadas a gardar silencio sobre esa comunicación, salvo, se é o caso, o disposto nas disposicións legais vixentes. En calquera caso, a comunicación de boa fe non poderá implicar responsabilidade de ningunha clase nin supor violación das prohibicións de revelación de información en virtude de contratos ou de disposicións legais, regulamentarias ou administrativas.

5. A identidade da entidade que efectúe a comunicación de operación sospeitosa estará suxeita ao segredo profesional establecido no número catro do artigo 90 desta lei.»

Cinco. Modifícase a disposición adicional décimo sétima, na redacción dada pola Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactada do seguinte modo:

«1. Sen prexuízo das competencias que corresponden ás comunidades autónomas respecto dos sistemas de rexistro, compensación e liquidación de valores e dos mercados secundarios, o Goberno poderá autorizar, co informe previo da Comisión Nacional do Mercado de Valores, oídas as comunidades autónomas con competencia na materia e por proposta do ministro de Economía e Facenda, que unha ou varias entidades adquiran, directa ou indirectamente, a totalidade do capital ou unha participación que atribúa ao adquirente ou adquirentes o control, directo ou indirecto, de todas ou algunhas das sociedades que administren sistemas de rexistro, compensación e liquidación de valores e mercados secundarios españois e que, a partir de tal adquisición, corresponda a esa ou esas entidades a titularidade do citado capital.

Terá a consideración de participación de control aquela que, de conformidade co capítulo V do título IV e as súas normas de desenvolvemento, obrigaría a formular unha oferta pública de adquisición sobre a totalidade do capital da correspondente sociedade.

Corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores autorizar os estatutos polos cales se rexan esas entidades adquirentes e as súas modificacións, coas excepcións que se establezan regulamentariamente, así como autorizar o nomeamento dos membros do seu Consello de Administración e dos seus directores xerais, os cales deberán reunir os requisitos das alíneas f), g) e h) do artigo 67.2 da presente lei. Se as entidades adquirentes non tiveren o seu domicilio social en España e os seus estatutos e modificacións e os requisitos dos membros

do Consello de Administración e directores xerais fosen verificados pola autoridade competente doutro Estado membro da Unión Europea ou pola autoridade supervisora dun Estado non membro da Unión Europea cuxo réxime de organización e funcionamento sexa similar ao da Comisión Nacional do Mercado de Valores, corresponderá a esta última comprobar tales verificacións.

O Goberno, mediante real decreto, determinará o réxime aplicable ás ofertas de adquisición das accións representativas do capital das referidas entidades, o réxime de publicidade a que se deben someterse as súas participacións accionariais, o réxime a que se deben suxeitar as citadas entidades para recoller nos seus estatutos sociais calquera limitación ou especialidade aos dereitos derivados das súas accións e calquera outro aspecto que sexa necesario para a aplicación da presente disposición e para garantir a adecuada supervisión das ditas entidades.

2. Será necesaria autorización do Goberno para que a entidade ou, se é o caso, entidades que posúan, directa ou indirectamente, a totalidade do capital ou unha participación de control de todas ou, se é o caso, algunhas das sociedades a que se refire o número anterior poidan levar a cabo calquera acto dispositivo polo cal deixen de ser titulares, directa ou indirectamente, da totalidade do capital social que teñan en cada unha das citadas sociedades ou polo cal perdan o control, directo ou indirecto, destas últimas. Esta autorización outorgarase oídas as comunidades autónomas con competencia na materia, co informe previo da Comisión Nacional do Mercado de Valores e por proposta do ministro de Economía e Facenda.

3. Non se aplicará o réxime de participacións significativas previsto nos artigos 31.6 e 44.bis.3 desta lei ás transmisións suxeitas ás autorizacións administrativas previstas na presente disposición.

4. A supervisión das citadas entidades corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Esta lei dítase dita ao abeiro do establecido no artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Supresión da taxa pola valoración de inmobles de entidades aseguradoras.*

Derrógase a mención ás «Taxas que percibe a Dirección Xeral de Seguros por valoración de inmobles afectos a reservas das entidades de seguro e aforros (Decreto 659/1960, do 31 de marzo)», contida na disposición derradeira primeira, alínea d).3, parágrafo primeiro, da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, que declaraba vixente a taxa de valoración de inmobles.

Derrógase a disposición transitoria terceira da Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», excepto no que se refire á cobertura por parte do Consorcio dos riscos extraordinarios no ramo de vida, establecida na nova redacción do artigo 7 do estatuto legal dada polo número dous do artigo primeiro desta lei, que entrará en vigor na data e cos prazos de adaptación que se determinen na disposición regulamentaria a que se refire o citado precepto.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 16 de maio de 2006

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

8643 *REAL DECRETO 521/2006, do 28 de abril, polo que se establece o réxime dos organismos pagadores e de coordinación dos fondos europeos agrícolas. («BOE» 117, do 17-5-2006.)*

O Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación co FEOGA-Garantía.

O Regulamento (CE) n.º 1290/2005 do Consello, do 21 de xuño de 2005, sobre o financiamento da política agrícola común, supón a desaparición do actual Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agraria (FEOGA) e a creación de dous novos fondos europeos agrícolas, o Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA), para financiar as medidas de mercado e outras medidas, e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), destinado a financiar os programas de desenvolvemento rural; establecendo para ambos os dous fondos a xestión a través da figura de organismos pagadores. No caso de que un Estado membro acredite máis dun organismo pagador, como é o caso de España, o regulamento establece que acreditará un único organismo coordinador encargado de garantir a coherencia da xestión, fomentar a aplicación harmonizada da normativa comunitaria e establecer un enlace entre a Comisión e os distintos organismos pagadores autorizados.

Co obxecto de garantir a transparencia dos controis nacionais, en particular, no que respecta aos procedementos de autorización, validación e pagamento das axudas con cargo aos fondos europeos agrícolas, o Regulamento (CE) n.º 1290/2005 do Consello, do 21 de xuño de 2005, establece que os Estados membros deben limitar, en función das súas disposicións constitucionais e da súa estrutura institucional, os seus organismos pagadores autorizados ao número máis reducido que permita garantir que os gastos se efectúen en boas condicións administrativas e contables. A estrutura autonómica do Estado español levou no seu momento a limitar o número de organismos pagadores a un por comunidade autónoma, os cales, nas rexións fóra de obxectivo n.º 1, se fan cargo tamén dos gastos de desenvolvemento rural, que, neste caso, se encadran dentro do FEOGA-Garantía. A experien-